

## I.- COMO SERÁ O EXAME DE SELECTIVIDADE SEGUNDO A CIUG:

O exame consta de 4 preguntas obrigatorias, de 4 puntos, 3 puntos, 2 puntos e 1 punto, respectivamente. A primeira e a segunda ten dúas opcións para elixir unha; a terceira e a cuarta, non teñen posibilidade de elección.

**PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO.** (4 puntos): explicando o seu contexto, tema central, ideas principais e conceptos clave. Esta é a pregunta que máis vale e hai posibilidade de elección entre dúas opcións. Trátase de facer un comentario como o explicamos na clase: diana, introdución e conclusións. Nesta pregunta investiremos a maior parte do tempo de selectividade porque é onde demostras os teus coñecementos de filosofía.

**PREGUNTA 2. APROXIMACIÓN MOTIVADA Á HISTORIA DA FILOSOFÍA.** (3 puntos) Partindo dalgunha frase célebre de algún filósofo@, desenvolver algún dos tópicos (ou parte de algún tópico) da CIUG en forma de pregunta. Esta pregunta ten posibilidade de elección entre dúas opcións. É unha pregunta teórica na que teño que resumir os contidos que se preguntan do autor@ explicando tamén as frases do autor.

**PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCIONS: ACTUALIDADE E UTILIDADE.** (2 puntos) Nesta pregunta, que imos chamar “competencial”, trátase de aplicar os coñecementos de un filósofo@ a un problema actual guiado por un texto xornalístico. A CIUG só colga un exemplo, pero non di cales son os posibles textos xornalístico que poden caer. O exercicio non debe pasar de 20 liñas e trátase resumir a parte da filosofía do autor da que trata o texto e razoar como se pode aplicar ao mundo actual. Nas primeiras 10 liñas resumimos as ideas do autor e nas outras 10 aplicamos estas ideas ao que nos diga o texto xornalístico.

O pasado curso 24-25 os filósofo@s que entraban para esta pregunta (só para este curso académico 24-25) eran 5:

- 1) Locke: política
- 2) Kant: ética
- 3) Nietzsche (ética+política)
- 4) Simone de Beauvoir (feminismo)
- 5) José Ortega y Gasset+María Zambrano

**PERO!!! ESTE ANO PODE ENTRAR CALQUERA DOS FILÓSOFO@S QUE APARECEN NA PÁXINA DA ciug:** <https://ciug.gal/gal>

- A miña suxerencia: posiblemente unha das autoras que poden caer este ano nesta pregunta sexa: **“A crítica ao totalitarismo. A condición humana en H. Arendt”**. Esta suxerencia miña ten unha razón de ser: se temos en conta que ela era alemá e xudía emigrada aos EEUU pola persecución dos NAZIS na Segunda Guerra Mundial, amante do filósofo alemán Heidegger (acusado de nazi), e que ademais o tema actual da prensa é o problema da guerra de Israel con Palestina, entón parece bastante probable que caia na selectividade. Ide lendo o tema de H. Arendt e outras cousas que atopedes en internet sobre esta autora.

Ademais de H. Arendt, xa podedes ir lendo con antelación todos os autores, especialmente todos os contemporáneos (século XIX e XX: os autores posteriores a Kant) que entran na selectividade antes de que os explique e anotade as dúbidas. Todos os autor@s están colgados na aula virtual: a finais de curso haberá pouco tempo para explicar os últimos autor@s.

PREGUNTA 4. CONCEPTOS FILOSÓFICOS. (1 punto): É unha pregunta tipo test, que non ten posibilidade de elección, pero que consta de dous apartados sen opcións para elixir.

No primeiro apartado hai que ordenar en dúas columnas os conceptos típicos de 2 autor@s ou correntes filosóficas, este apartado vale 0,5 puntos.

E no segundo apartado hai que definir algún concepto típico de algún filósofo en 3 liñas.

En total a pregunta vale 1 punto.

Desta pregunta non me teño que preocupar, se estudei ben os autores.

## II.- CONCLUSIÓNS QUE DEBEMOS TIRAR NÓS DAS INSTRUCCIÓNS DA CIUG PARA SELECTIVIDADE:

A pregunta que máis vale e na que demostro os meus coñecementos de filosofía é o comentario de texto que vale 4 puntos. Con esta pregunta xa teño case un 5 se a fago ben. Se a esta pregunta lle sumamos a pregunta tipo test do final que vale un punto, xa teño un 5, aprobado.

A pregunta teórica coas frases a explicar vale 3 puntos. Esta pregunta é relativamente fácil se estudei ben o autor: só teño que resumir a teoría do tema. Con esta xa teño 8 puntos.

E finalmente, a pregunta “competencial” de 2 puntos. Como é imposible saber que texto xornalistico me van poñer, o que teño que facer é saber a teoría do aut@ e tratar de razoar sobre ela aplicándoa ao mundo actual. Esta é a pregunta que diferencia un alumn@ que simplemente “memoriza” a teoría sen comprendela ben, dun alumn@ que comprende as ideas filosóficas e é quen de aplicalas a un tema actual. Se queres un 10 na selectividade tes que demostrar que non só memorizas.

Así que imos centrarnos nas preguntas que valen máis puntos.

NA 1ª AVALIACIÓN: Especialmente imos centrarnos no Comentario de texto, porque a pregunta teórica tería a mesma estrutura ca un comentario anque non haxa texto, senón só algunha frase célebre. Con isto xa temos 7 puntos!!!. Veremos a filosofía grega de Platón e Aristóteles: isto hai que dominalo moi ben! Especialmente Aristóteles.

Na 2ª AVALIACIÓN: imos centrarnos nos autores modernos: Especialmente en (Descartes) Hume e Kant.

Na 3ª AVALIACIÓN: imos ter moitos autores por ver e pouco tempo para explicalos. Así que os autores a partir de Kant, xa deberedes telos lidos con antelación e anotar as dúbidas para preguntar cando cheguemos a eles. Como xa dixen deberemos ter ben preparado o tema de H. Arendt, que posiblemente caia na pregunta competencial, o tema de Nietzsche e Simone de Beauvoir especialmente, anque tamén Marx, e Ortega+Zambrano.

## III.- COMO SE REALIZA UN BO COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO?

Resumidamente poderíamos dicir que consta de 3 partes (pero estas non se separan dentro do exercicio que é único):

3.1.- UNHA INTRODUCCIÓN: Explicar os “antecedentes” que inflúen no tema do que trata o texto a comentar: a introdución facémola ao final, cando xa saibamos de que trata o texto a comentar.

3.2- O CORPO DO COMENTARIO: Consiste en dicir:

a) Cal é a idea principal do texto.

b) En cantas partes se divide o texto e de que trata cada parte razoadamente.

c) Analizar o texto: isto é, utilizando a teoría explicar as frases do texto en orde citando as frases entre comiñas (“.....”) e explicando que significan dentro da filosofía do autor. Facemos isto en orde: primeiro as frases da 1ª parte do texto, logo da 2ª parte etc.

### 3.3.- CONEXIÓN DO TEXTO CON OUTROS APARTADOS DA FILOSOFÍA DO AUTOR:

Algunha frase de relación que faga comprender a conexión do tema do texto con outras partes da filosofía do autor (ontoloxía, gnoseoloxía, antropoloxía, ética, política).

3.4.- AS CONCLUSIÓNS: Relación do tema do texto con outros autores da Historia da Filosofía: atoparedes estas relacións nas conclusións “por materias” ao final de cada tema. Esta parte tamén se fai ao final: cando xa saibamos de que trata o texto.

## IV.- TRABALLO PREVIO AO COMENTARIO

### 4.1- ESTUDAR A FONDO E FACER ESQUEMAS:

Antes de empezar o comentario teño que estudar o tema do autor A FONDO: isto é: estudar o tema e FACER UN ESQUEMA DE CADA PARTE DO SISTEMA FILOSÓFICO (ESQUEMAS DA: ONTOLOXÍA, GNOSEOLOXÍA, ANTROPOLOXÍA, ÉTICA E POLÍTICA). En cada un deses esquemas debo anotar as teorías que hai que incluír en cada punto do sistema filosófico.

### 4.2.- LER O TEXTO VARIAS VECES NUMERANDO AS LIÑAS DO TEXTO, SUBLIÑANDO IDEAS IMPORTANTES E ANOTANDO IDEAS AO MARXE:

Primeiro teño que averiguar de que parte da filosofía do autor trata (ontoloxía, gnoseoloxía, antropoloxía, ética ou política), puidera ser que trate de máis de unha parte. Así estarei seguro de polo menos “acertar dentro da diana cos dardos”. Pero a continuación intentarei “dar no centro da diana”: que teoría en concreto é da que trata o texto dentro da diana? Por exemplo, en Platón a “diana” puidera ser a “gnoseoloxía”, pero cal é o centro da diana? Pois por exemplo pode ser os graos de coñecemento e a paideia do simil da liña de Platón. Este vai ser o FÍO CONDUTOR DO MEU COMENTARIO.

4.3.- O FÍO CONDUTOR SERÁ O QUE ME DIRIXA PARA ESCOLLER A INTRODUCCIÓN E CONCLUSIÓNS ADECUADAS. Anque a introdución vai ao principio do exercicio e as conclusións ao final, no meu traballo previo estas son as últimas partes que deseño no meu esquema previo. Por que? Pois porque antes de saber de que trata o texto e cal é a súa idea principal, non podoo seleccionar a introdución e as conclusións axeitadas.

4.4.- NO COMENTARIO DE TEXTO A “PREGUNTA DIRECTRIZ” DO COMENTARIO XA ME DARÁ UNHA PISTA SOBRE O TEMA DO TEXTO: A pregunta directriz pode que estea “completamente” tratada nas frases do texto, ou poida que haxa contidos da pregunta que non están no texto. Por iso, logo de comentar o texto, teño que engadir os contidos da pregunta que non aparecen no texto. Isto antes de empezar coas conclusións.

## V.- QUE COUSAS TEÑO QUE TER EN CONTA CANDO ME POÑA A REDACTAR O COMENTARIO?

5.1.- O FÍO CONDUTOR: Non esquecer cal é o meu “fío condutor” e nunca desviarme del: todo o que vou dicindo debe ir fiado todo o meu discurso entorno a este fío condutor. O fío condutor é a idea principal do texto (o centro da diana), ou ao menos a diana (ontoloxía, gnoseoloxía, antropoloxía, ética ou política).

5.2.- ORDE LÓXICA DAS MIÑAS EXPLICACIÓNS: Nunca introducir un concepto novo que non teña explicado con anterioridade. Comezar polas ideas máis xerais (período da filosofía, características xerais do autor e período, etc. ) e ir explicando logo as ideas e teorías particulares: ir do xeral ao particular. Pensar ben con antelación a orde máis lóxica das ideas: que cada idea me vaia conectando coa seguinte sen facer “saltos”.

Conectar cada unha das ideas particulares entre si: que non haxa “saltos sen conexión entre unha idea e outra”. Cada idea que escriba “engancha” coa seguinte sen que haxa “saltos”.

5.3.- RIGOROSIDADE: Debo ser rigoroso nas explicacións e no uso de termos técnicos. Por exemplo en Platón: eikasía, gnoesis, xorismós etc. Se podo, debo utilizar termos gregos rigorosos explicando a súa tradución.

5.4.- NON REPETIRME: Cando toco unha teoría, debo explicala nese momento A FONDO (exprimir esa teoría a fondo nese momento que a toco), para non ter que volver despois a explicar cousas da mesma teoría. Isto desordena o meu comentario e obrígame a poñer asteriscos etc.

5.5.- FRASES BEN CONSTRUÍDAS, SIGNOS DE PUNTUACIÓN ETC. Debo demostrar boa redacción en sintaxe, semántica, etc.

5.6.- REDACCIÓN PERSOAL: Procurar que as miñas explicacións, sen deixar de ser rigorosas, estean expresadas de xeito persoal, non “fusiladas” do tema.

5.7.- CAPACIDADE DE SÍNTESE E ANALISE: hai partes do comentario onde debo ser “sintético”, expresar en poucas ideas ou nunha soa idea o fundamental do que pretendo dicir (isto ocorre máis ben na introdución, nas frases de relación e nas conclusións). En cambio noutras partes debo ser “analítico”, descompoñer minuciosamente as partes das que se compón unha idea complexa: isto ocorre máis ben no “corpo do comentario”, na propia “análise” (descompoñer en partes) do texto que consiste en desmenuzar as súas partes compoñentes.

5.8.- DATOS DA VIDA E OBRAS DO AUTOR: Sen perder o meu “fío condutor” debo ir arriando datos da vida e obras do autor. A maneira máis sinxela de facer isto é: en lugar de repetir o nome do autor, por exemplo no caso de Platón, digo: “Aristocles, verdadeiro nome de Platón”, “o das anchas costas”, “o discípulo de Sócrates”, “o mestre de Aristóteles”, “o que inscribiu na porta da súa Academia: que non entre aquí o que non sexa matemático”, “o que intentou 3 veces instaurar o goberno dos filósofos en Siracusa”, o autor da República, do Fedro, do Fedón, do Timeo etc.

5.9.- PROCURAR SER ORIXINAL: Empezar e rematar o exercicio por un autor lonxano na historia da Filosofía: isto atoparémoslo nas conclusións do Tema de Platón ou de calquera autor. A ser posible comezar por un autor ben lonxano da historia da filosofía e logo conectar co autor e os seus antecedentes a respecto da idea principal do texto. Tamén pode ser un comentario “circular”: anunciar ao principio unha idea dun autor lonxano sen explicala completamente e rematar o comentario explicando a fondo esa mesma idea que quedou sen detallar ao principio.

VI.- ADVERTENCIA: Os primeiros intentos de comentario resultan moi complicados, parecen moi difíciles, ata que me habitúo a facer varios comentarios. Isto é normal, non debo frustrarme, pensar que non son capaz. Anque me pareza que o meu comentario é malo, sempre hai cousas que farei ben e haberá outras que terei que mellorar. Nos seguintes comentarios que fagas comprobarás que mellorarás moito.

VII.- O QUE NON DEBO FACER: Como me parece moi difícil e non me sinto capaz, copiar de outros comentarios, internet ou fusilar frases dos apuntes sen máis. Se fago isto, non estarei aprendendo NADA!!!, perderei o meu tempo e farei perder o tempo ao meu profe!!! Cres que non se vai dar conta? Poida que teñas sorte e non se dea conta no primeiro exercicio que envíes a aula virtual, pero quedarálle “claro”, “tan claro coma a auga cristalina”, cando compare o teu exercicio co que logo serás capaz de escribir no exame, que será dun nivel moi, pero que moi, inferior. Se cres que os profes non foron antes alumnos, tes moi pouca intelixencia. Sabemos todo o que ti te poidas imaxinar para enganalos, moito antes de que nin sequera intentes facelo. O que ocorre neste caso non é que enganes ao profe, o que realmente ocorre é que te estás enganado a ti mesmo!

Así que:

MELLOR MOITOS COMENTARIOS PERSOAIS CON FALLOS A CORRIXIR PARA APRENDER, QUE COPIAR O QUE DIN OUTROS E NON APRENDER NADA.

NON TE DESANIMES, TEN PACIENCIA, E VERÁS QUE CALQUERA SERÁ CAPAZ DE FACER UN COMENTARIO EXCELENTE SE PERSEVERA FACENDO EXERCICIOS.

ÁNIMO, AL ATAQUEEEE! A por eleeees!